

Ponderación dos distintos procedementos de cualificación:

70 %: **probas específicas** de cada avaliación (unha como mínimo en cada trimestre) nas que as tarefas que deberá executar o/a alumno/a esixan a utilización dos contidos e dos procedementos aprendidos, ademais dun nivel de expresión correcto e axeitado tanto escrito coma oral; nas probas figurará a puntuación debidamente indicada.

10%: **lecturas obrigatorias**, que se valorarán a través de probas específicas (unha por cada libro de lectura).

10%: valoración da práctica e **competencia oral**. A expresión oral será avaliada a través de intervencións espontáneas na aula, exposicións orais ou intervencións en debates.

10%: valoración do **proceso de aprendizaxe** do alumno / a a través da observación e do rexistro das tarefas diarias e traballos solicitados pola docente.

Unha vez aplicados os criterios de cualificación, procédese ao cálculo da media da avaliación que dará como resultado a nota numérica correspondente expresada en números enteiros.

O alumno e alumna que non supere o 4,5 nunha avaliación deberá presentarse a un exame escrito na parte correspondente da avaliación final semellante aos realizados ao longo do curso, esta proba terá lugar a finais do 3º trimestre.

Para o cálculo da cualificación ordinaria da materia, de ter as tres avaliacións aprobadas, farase a **media aritmética** das notas medias das tres avaliacións.

O máximo que se poderá descontar sobre a cualificación global de cada proba ou traballo será de 2 puntos. Descontaranse 0,1 puntos por cada erro.

A superación dos controis e traballos deberá obterse de forma lícita. Polo tanto, o feito de copiar nun exame, permitir que outras persoas copien, levar teléfono móbil, auriculares, chuletas (aínda que non sexan usados) ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar os resultados propios ou alleos mediante procedementos deshonestos, suporá que o que apareza neses documentos ilícitos non lle será computado. Infórmase tamén que a/o alumna/o non terá dereito á repetición da proba nese trimestre, o que suporá a nota suspensa nesa avaliación. O profesorado tamén poderá rexeitar un exame ou traballo se a súa presentación ou caligrafía o fan ilexible.

O profesorado tomará nota das tarefas e deberes realizados polo alumnado ao longo da avaliación no seu caderno de cualificacións. Cada tarefa diaria non realizada por un alumno ou alumna implicará a obtención dun negativo, a suma dos negativos ou positivos recollidos no caderno da docente terán un valor total do 10 % da nota do trimestre.

Falar nun rexistro inadecuado na clase ou noutro idioma alleo a esta materia, expresarse inapropiadamente ou con dubidosa educación, respecto ao profesorado ou compañeiros, considerarase unha falta de corrección lingüística que será penalizada cun negativo na parte oral.